

Baixo da Campá.

Fronte ás costas de San Javier, preto da illa Grosa, elévase, desde os 24 metros de profundidade, o Baixo da Campá. Ao longo do tempo, foi causa duns cantos afundimentos, traxedias que deixan as súas pegadas no mar e, ao cabo do tempo, narran a súa historia. Agora, as cordas e as etiquetas dos arqueólogos submarinos son o primeiro paso para entender ese conto antigo.

O xacemento do Baixo da Campá foi descuberto na década de 1950 por uns mergulladores na procura da ferralla acumulada polos afundimentos. En varias campañas arqueolóxicas realizadas na década de 1970, sobresaíu a descuberta de 13 cabeiros de elefante con inscricións fenicias.

Unha breve investigación submarina en 1988 permitiu constatar a existencia de tres afundimientos antigos nesta zona. E desde entón no Baixo da Campá non se volveu a buscar o pasado ata o ano 2007.

Agora, as mans expertas rozan o camiño do coñecemento. Retiran organismos epífitos, pero en realidade é o tempo o que afastan.

É unha tarefa ardua. Durante anos practicáronse voaduras no baixo para que a embarcación atopasen menos escollos. As rocas foron caendo sobre os restos e aínda que puideron rachar ou ocultar algunhas pezas, tamén as esconderon da cobiza e o espolio. Lingotes minerais, ánforas, coitelos, cuncas, peites, espellos, piñóns e pistachos.

Agora alíanse o plástico e o barro para poñer a salvo o patrimonio histórico. Hai que levar as pezas a terra, onde contarán a súa historia e as das mans que as construíron.

Por iso, pola vida que saben que alberga, os investigadores tratan as decubertas cun coidado exquisito.

Pero antes hai que descubrilos e documentalos. Aquí reinvéntase o xogo dos barcos e plásmase no taboleiro da ciencia onde adquire un sentido literal e profundo. Letras e números son topografía precisa e inequívoca do pasado.

E nalgúns deses cadros de dous por dous metros, a rutina do traballo minucioso convértese en emoción e sorpresa.

Entón xa non vale a manga de succión. Hai que retirar a area con tento e sabedoría.

Entre as pezas descubertas na excavación, extraéronse recentemente quince cabeiros de elefante, que se engaden a outros trece atopados na década de 1970. Algúns deses marfís están labrados con inscricións fenicias; aínda por riba do histórico, trátase das defensas dunha especie de elefante xa extinguida que habitou no norte de África.

Pero aquí, na profundidade do mar, apenas hai tempo para a emoción, hai que cubrir a última etapa con precisión e sen erros. Foi un longo camiño desde o século VII antes de Cristo ata o Museo Nacional de Arqueoloxía Subacuática.